

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 7 DE SETEMBRO DE 2021

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día sete de setembro de dous mil vinte e un, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo: dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Daniel Mallo Castro e don Diego Alcantarilla Rei.

Non asisten e presentan escusa don Juan González Leirós, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto e dona María Dolores Pan Lesta.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona María Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; e dona Patricia María Parceros Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria accidental dona Verónica María Otero López.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º. Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 31 de agosto de 2021

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 31 de agosto de 2021 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos catro membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (don Óscar A. García Patiño, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Daniel Mallo Castro, e don Diego Alcantarilla Rei) aprobou o citado borrador.

2º. Boletíns e correspondencia

- Orde de 1 de setembro de 2021, da Consellería de Sanidade, pola que se prorroga e se modifica a Orde de 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e se mantén a suspensión da esixencia da exhibición de documentación para o acceso a determinados establecementos prevista nela e na Orde de 1 de xullo de 2021 pola que se aproba o Protocolo para a reactivación do ocio nocturno no marco da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, e se substitúe por unha regulación transitoria e provisional. (Diario Oficial de Galicia número 169-Bis, do día 2 de setembro de 2021).

- Orde de 1 de setembro de 2021, da Consellería de Sanidade, pola que se prorroga e se modifica o anexo da Orde de 21 de xullo de 2021 pola que se establecen medidas cualificadas de prevención para facer fronte á evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e que precisan de autorización xudicial para a súa eficacia. (Diario Oficial de Galicia número 170-Bis, do 3 de setembro de 2021).

- Resolución de 3 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional, Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, pola que se actualiza o Anexo 1 incluído na Resolución de 4 de xullo d 2017, da Secretaria Xeral do Tesouro e Política Financeira, pola que se define o principio de prudencia financeira aplicable ás operacións de endebedamento e derivados das comunidades autónomas e entidades locais. (Boletín Oficial do Estado número 212, do 4 de setembro de 2021).

3º. Expedientes de contratación

3.1. Proposta de aprobación do Plan de Seguridade e Saúde, Plan de Xestión de Residuos e Plan Traballo presentados pola empresa *Ogmios Proyecto, S.L.* adxudicataria da obra “Proxecto básico e de execución de gradas cubertas e vestiarios para o campo de fútbol de Brexo, no lugar de Pousadoira 14, Cambre. Agosto 2020”, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) POS+ Adicional 1/2019 por maior achega provincial” Expediente: 2020/C003/000008

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, de data 31 de agosto de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto o expediente de contratación incoado co número 2020/C003/00008 para a contratación da obra “Proxecto básico e de execución de gradas cubertas e vestiarios para o campo de fútbol de Brexo, no lugar de Pousadoira 14, Cambre. Agosto 2020”, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) POS+ Adicional 1/2019 por maior achega provincial.
Expediente: 2020/C003/000008

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de xuño de 2021 polo que se adxudicou a obra á empresa “*Ogmios Proyecto, S.L.*”, asinándose o correspondente contrato con data 24 de xuño de 2021.

Visto que o servizo de coordinación de seguridade e saúde de dita obra corresponde á entidade Gallega de Coordinacións, S.L. adxudicataria do expediente “Coordinación de seguridade e saúde de diversas obras públicas no Concello de Cambre” segundo establece o acordo da Xunta de Goberno Local de 06/06/2021 (exp. 2020/C004/000022).

Visto o plan de seguridade e saúde elaborado pola empresa adxudicataria e presentado por Don Francisco Jesús Cobas Fernández, coordinador da seguridade e saúde da obra, designado pola entidade Gallega de Coordinacións, S.L ao que achega o seu informe favorable, rexistro de entrada no Concello de Cambre o día 19 de agosto de 2021 e número 202199900004335.

Visto o Plan de Xestión de Residuos elaborado pola empresa adxudicataria, con rexistro de entrada no Concello de Cambre o día 30 de agosto de 2021 e número 202199900004461.

Visto os informes favorables emitidos con datas 27 de agosto e 30 de agosto de 2021 polo Arquitecto Municipal, director de obra e responsable do contrato.

Visto o informe emitido polo Arquitecto Municipal, de data 30 de agosto 2021 na que confirma que consta o Programa de Traballo adaptado ao prazo ofertado, incluída na oferta presentada polo contratista, en base á cal resultou adxudicatario, polo que se propón eximir ao contratista de presentación do Programa de Traballo.

Á vista do establecido para o efecto no artigo 7 do Real Decreto 1627/1997 do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción e do establecido na cláusula 18.2 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reguladoras do actual contrato.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Aprobar o plan de seguridade e saúde presentado pola empresa “*Ogmios Proyecto,S.L*” adxudicataria da obra “Proxecto básico e de execución de gradas cubertas e vestiarios para o campo de fútbol de Brexo, no lugar de Pousadoira 14, Cambre. Agosto 2020”, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) POS+ Adicional 1/2019 por maior achega provincial”
Expediente: 2020/C003/000008

Segundo: Aprobar o plan de xestión de residuos presentado pola empresa “*Ogmios Proyecto,S.L*” adxudicataria da obra “Proxecto básico e de execución de gradas cubertas e vestiarios para o campo de fútbol de Brexo, no lugar de Pousadoira 14, Cambre. Agosto 2020”, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) POS+ Adicional 1/2019 por maior achega provincial”
Expediente: 2020/C003/000008

Terceiro: De conformidade có establecido na cláusula 18.2 do prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras do contrato, eximir ao contratista de presentar novamente o Programa de Traballo, isto tendo en conta o informe emitido polo Arquitecto Municipal o 30/08/2021 no que confirma que o adxudicatario xa presentou o Programa de Traballo coa súa oferta, en base á cal resultou adxudicatario.

Cuarto: Notificar este acordo á empresa “*Ogmios Proyecto,S.L*” e a Don Francisco Jesús Cobas Fernández, coordinador da seguridade e saúde da obra, designado pola entidade Gallega de Coordinacións, S.L, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que se poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que se estime procedente.

Cuarto: Notifíquese ao Arquitecto Municipal, para a súa constancia e para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

3.2.- Declaración de deserto por falta de licitadores, do expediente de contratación núm. 2021/C003/000002, para adxudicación, por procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática), do "Proxecto básico e de execución de reforma e ampliación de complexo deportivo da Barcala. Marzo 2021".

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, de data 1 de setembro de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

"A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria de data 27 de xullo de 2021, aprobou a incoación do expediente de contratación núm. 2021/C003/000002, para adxudicación, por procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática), do "Proxecto básico e de execución de reforma e ampliación de complexo deportivo da Barcala. Marzo 2021", cun valor estimado de 170.170,00 euros e un orzamento base de licitación de 187.187,00 euros.

O anuncio de licitación do expediente foi publicado na Plataforma de Contratación do Sector Público, onde se atopa aloxado o Perfil de Contratante do Concello de Cambre, o día 28 de xullo de 2021, rematando o prazo para presentación de ofertas o día 17 de agosto actual.

Vista a certificación expedida pola secretaria accidental da Corporación, co visto e prace da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, con data 23 de agosto de 2021, na que se recolle que, unha vez finalizado o prazo de presentación das proposicións, non consta na Plataforma de Contratación do Estado a presentación electrónica de ningunha oferta.

Á vista do exposto, e tendo en conta as atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019, do 1 de xullo, así como a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Declarar deserto, por falta de licitadores, o expediente de contratación núm. 2021/C003/000002, correspondente á obra "Proxecto básico e de execución de reforma e ampliación de complexo deportivo da Barcala. Marzo 2021", isto á vista do establecido no artigo 150.3 in fine, e concordantes, da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).

Segundo: Publicar o presente acordo de declaración de deserto no Perfil de Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado, isto de conformidade co establecido no artigo 63.3.e) da LCSP."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

4º. Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por informados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 27 de agosto ao 2 de setembro de do ano que andamos, que comeza coa resolución do concelleiro da área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade número 1497/2021 e remata coa resolución da Alcaldía número 1520/2021, segundo se relaciona a seguir:



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
------------	---------------	--------



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

1497/2021	27-08-2021	Admisión de solicitudes de alta e de baixa para participar no Programa Mañanceiro curso escolar 2021-2022
1498/2021	27-08-2021	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 31 de agosto de 2021
1499/2021	30-08-2021	Aprobación de facturas con reparos Substitución carpintería exterior local Santa M ^a de Vigo
1500/2021	30-08-2021	Aprobación de facturas e recoñecemento e liquidación de obrigas por importe total de 10.513,24 euros pago 31.08.2021
1501/2021	30-08-2021	Aprobación de facturas e recoñecemento e liquidación de obrigas por importe total de 177.615,11 euros
1502/2021	30-08-2021	Expedientes sancionadores de tráfico
1503/2021	30-08-2021	Expedientes sancionadores de tráfico
1504/2021	30-08-2021	Licenza parcelación de finca sita no lugar de San Paio nº15 - Brexo de 6.735 m ² en 6 parcelas de 2.505 m ² , 1.047 m ² , 1.004 m ² , 1.002 m ² , 1.002 m ² e 175 m ² promovido por HLP
1505/2021	30-08-2021	Reposición legalidade urbanística pola existencia de diversas edificacións e unha estrutura de formigón construídas en finca sita en Corgo, 27 C, Brexo. Propiedade: BGL e MdelCVL
1506/2021	30-08-2021	Aprobación de despesas dos gastos de Seguridade Social do mes de xullo de 2021, e da produtividade do segundo trimestre de 2021 e recoñecemento e liquidación de cadansúas obrigas, e dos mandamentos de pago das retencións practicadas na nómina do mes de agosto de 2021
1507/2021	31-08-2021	Desestimento axuda aluguer de CARL
1508/2021	31-08-2021	Expediente de xeración de crédito número 9/2021. Subvención para a contratación temporal de persoas perceptoras da RISGA
1509/2021	31-08-2021	Celebración voda civil o 3 de setembro de 2021 ás 11 horas
1510/2021	31-08-2021	Expedientes sancionadores de tráfico
1511/2021	31-08-2021	Conceder o anticipo reintegrable de 3.000 euros a dona RLV secretaria de Alcaldía e funcionaria de carreira
1512/2021	31-08-2021	Reparo suspensivo
1513/2021	01-09-2021	Nómina complementaria agosto - RISGA
1514/2021	01-09-2021	Devolución de ingresos indebidos en concepto de taxa pola prestación do servizo de subministración de auga, sumidoiro, lixo e canon da auga feita por VMGM
1515/2021	01-09-2021	Avocación de competencias do primeiro tenente de alcalde don Juan González Leirós, do día 6 ao 19 de setembro de 2021, ambos os dous incluídos
1516/2021	02-09-2021	Expediente de reposición da legalidade urbanística por acopio de materiais e maquinaria sin título habilitante municipal en finca sita na Cabana, Sigrás. Propiedade: A, S.L.
1517/2021	02-09-2021	Reposición legalidade urbanística pola realización de obras de substitución de cuberta na edificación sita en Sampaio, parroquia de Brexo sen comunicación previa. Propiedade: GQR
1518/2021	02-09-2021	Reposición legalidade urbanística por execución de obras non incluídas no orzamento da comunicación previa de reforma interior presentada en edificación sita na Cabana, Anceis. Propiedade: RIGC e AJMB



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

1519/2021	02-09-2021	Licenza de derrubamento de vivenda unifamiliar na Xira, Sigrás. Propiedade: JSV
1520/2021	02-09-2021	CM Reparación porta Omix en Arrigada

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia das propostas en relación cos seguintes asuntos:

- Proposta de aprobación do Plan de Seguridade e Saúde e Plan de Xestión de Residuos presentados pola empresa *Narón Servicios de Medio Ambiente, S.L.* adxudicataria da obra "Reforma e ampliación do local social da parroquia de Andeiro, (Cambre)". Expediente: 2021/C002/000030
- Proposta de aprobación do Plan de Seguridade e Saúde, Plan de Xestión de Residuos e Plan Traballo presentados pola empresa *Excavaciones y Obras Candal, S.L.* adxudicataria da obra "Renovación da rede de abastecemento en Corgo, Outeiro e Bandebó, parroquia de Brexo Lema. Supervisado", incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2020 da Deputación Provincial da Coruña. Expediente: 2020/C003/000002
- Proposta de aprobación do Plan de xestión Preventiva , presentado pola empresa *Jardinería Arce, S.L.* adxudicataria do contrato para a prestación do "Servizo de acondicionamento do contorno do río Mero, ao seu paso polo termo municipal de Cambre, en virtude de convenio de colaboración entre o Concello de Cambre e Augas de Galicia, anualidades 2021 a 2023". Expte: 2021/C004/000008
- Proposta de aprobación do Plan de Seguridade e Saúde, Plan de Xestión de Residuos e Plan Traballo presentados pola empresa *Canarga, S.L.* adxudicataria da obra "Acondicionamento dos camiños municipais de San Lourenzo cara ao Pinar e cara á Torre e Barreiros", incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2020 da Deputación Provincial da Coruña" Expediente: 2020/C003/000003
- Proposta de adxudicación da obra "Mellora dos parques infantís de Andeiro e Anceis. Supervisado", obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) POS+ Adicional 2/2020 para gastos correntes e inversións financeiramente sostibles da Deputación Provincial da Coruña, a prol do licitador "Construcciones La Carrasca, SL.", no prezo ofertado de 45.900,00 euros sen IVE (55.539,00 euros IVE incluído). Expte: 2020/C003/000007
- Proposta de aprobación do Documento de Xestión Preventiva, Plan de Seguridade e Saúde e Plan de Xestión de Residuos presentados pola empresa *Jardinería Arce, S.L.* adxudicataria da obra "Acondicionamento de pista polideportiva exterior do CEIP Wenceslao Fernández Flórez", obra financiada mediante Convenio de cooperación núm. 10/2021, de 11 de febreiro de 2021, entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Cambre, polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciamento do dito proxecto". Expediente: 2021/C003/000001.
- Proposta de adxudicación da obra de "Ampliación da rede de abastecemento e saneamento en Graduill e A Pena", obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2020, a prol do licitador "Jardinería Arce, S.L.", no prezo ofertado de 58.280,15 euros sen IVE (70.518,99 euros IVE incluído). Expediente núm.: 2020/C003/000004

- Proposta de adxudicación do contrato menor correspondente ao servizo de deseño, desenvolvemento e implementación dunha plataforma para a xestión de programas e campañas de dinamización da ADL á licitadora WAPPING NETWORKS, S.L. no prezo ofertado de 14.837,00 € sen IVE, 17.952,77 € IVE incluído. Expediente núm. 2021/C002/000086

sendo aprobada a urxencia da totalidade das propostas por unanimidade dos cinco concelleiros que asisten á Xunta de Goberno Local.

A) Proposta de aprobación do Plan de Seguridade e Saúde e Plan de Xestión de Residuos presentados pola empresa *Narón Servicios de Medio Ambiente, S.L.* adxudicataria da obra “Reforma e ampliación do local social da parroquia de Andeiro, (Cambre)”.Expediente: 2021/C002/000030

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, de data 3 de setembro de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto o expediente de contratación incoado co número 2021/C002/00030 para a contratación da obra “Reforma e ampliación do local social da parroquia de Andeiro, (Cambre)” Expediente: 2021/C002/000030

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 27 de abril de 2021 polo que se adxudicou a obra á empresa “*Narón Servicios de Medio Ambiente, S.L.*”

Visto que o servizo de coordinación de seguridade e saúde de dita obra corresponde á entidade Gallega de Coordinacións, S.L. adxudicataria do expediente “Coordinación de seguridade e saúde de diversas obras públicas no Concello de Cambre” segundo establece o acordo da Xunta de Goberno Local de 06/06/2021 (exp. 2020/C004/000022).

Visto o plan de seguridade e saúde elaborado pola empresa adxudicataria e presentado por Don Francisco Jesús Cobas Fernández, coordinador da seguridade e saúde da obra, designado pola entidade Gallega de Coordinacións, S.L ao que achega o seu informe favorable, rexistro de entrada no Concello de Cambre o día 17 de agosto de 2021 e número 202199900004298.

Visto o Plan de Xestión de Residuos elaborado pola empresa adxudicataria, con rexistro de entrada no Concello de Cambre o día 17 de agosto de 2021 e número 202199900004298.

Visto os informes favorables emitidos con data 31 de agosto de 2021 polo Arquitecto Municipal, director de obra e responsable do contrato.

Á vista do establecido para o efecto no artigo 7 do Real Decreto 1627/1997 do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción e do establecido na cláusula 18.2 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reguladoras do actual contrato.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO:**

Primeiro: Aprobar o plan de seguridade e saúde presentado pola empresa “*Narón Servicios de Medio Ambiente, S.L.*” adxudicataria da obra “Reforma e ampliación do local social da parroquia de Andeiro, (Cambre)”.Expediente: 2021/C002/000030.

Segundo: Aprobar o plan de xestión de residuos presentado pola empresa “*Narón Servicios de Medio Ambiente, S.L.*” adxudicataria da obra “Reforma e ampliación do local social da parroquia de Andeiro, (Cambre)”. Expediente: 2021/C002/000030.

Terceiro: Notificar este acordo á empresa “*Narón Servicios de Medio Ambiente, S.L.*” e a Don Francisco Jesús Cobas Fernández, coordinador da seguridade e saúde da obra, designado pola entidade Gallega de Coordinacións, S.L, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que se poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que se estime procedente.

Cuarto: Notifíquese ao Arquitecto Municipal, para a súa constancia e para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

B) Proposta de aprobación do Plan de Seguridade e Saúde, Plan de Xestión de Residuos e Plan Traballo presentados pola empresa *Excavaciones y Obras Candal, S.L.* adxudicataria da obra “Renovación da rede de abastecemento en Corgo, Outeiro e Bandedó, parroquia de Brexo Lema. Supervisado”, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2020 da Deputación Provincial da Coruña” Expediente: 2020/C003/000002

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, de data 3 de setembro de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto o expediente de contratación incoado co número 2020/C003/00002 para a contratación da obra “Renovación da rede de abastecemento en Corgo, Outeiro e Bandedó, parroquia de Brexo Lema. Supervisado”, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2020 da Deputación Provincial da Coruña” Expediente: 2020/C003/000002.

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 06 de xullo de 2021 polo que se adxudicou a obra á empresa “*Excavaciones y Obras Candal, S.L.*” asinándose o correspondente contrato con data 14 de xullo de 2021.

Visto que o servizo de coordinación de seguridade e saúde de dita obra corresponde á entidade Gallega de Coordinacións, S.L. adxudicataria do expediente “Coordinación de seguridade e saúde de diversas obras públicas no Concello de Cambre” segundo establece o acordo da Xunta de Goberno Local de 06/06/2021 (exp. 2020/C004/000022).



Visto o plan de seguridade e saúde elaborado pola empresa adxudicataria e presentado por Don Francisco Jesús Cobas Fernández, coordinador da seguridade e saúde da obra, designado pola entidade Gallega de Coordinacións, S.L ao que achega o seu informe favorable, rexistro de entrada no Concello de Cambre o día 04 de agosto de 2021 e número 202199900004117.

Visto o Plan de Xestión de Residuos elaborado pola empresa adxudicataria, con rexistro de entrada no Concello de Cambre o día 30 de xullo de 2021 e número 202199900004056.

Visto o Plan de Traballo elaborado pola empresa adxudicataria, con rexistro de entrada no Concello de Cambre o día 30 de xullo de 2021 e número 202199900004056.

Visto os informes favorables emitidos con datas 31 de agosto e 01 de setembro de 2021 pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal, directora de obra e responsable do contrato.

Á vista do establecido para o efecto no artigo 7 do Real Decreto 1627/1997 do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción e do establecido na cláusula 18.2 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reguladoras do actual contrato.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Aprobar o plan de seguridade e saúde presentado pola empresa “*Excavaciones y Obras Candal, S.L.*” adxudicataria da obra “Renovación da rede de abastecemento en Corgo, Outeiro e Bandebó, parroquia de Brexo Lema. Supervisado”, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2020 da Deputación Provincial da Coruña” Expediente: 2020/C003/000002

Segundo: Aprobar o plan de xestión de residuos presentado pola empresa “*Excavaciones y Obras Candal, S.L.*” adxudicataria da obra “Renovación da rede de abastecemento en Corgo, Outeiro e Bandebó, parroquia de Brexo Lema. Supervisado”, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2020 da Deputación Provincial da Coruña” Expediente: 2020/C003/000002

Terceiro: Aprobar o plan de traballo presentado pola empresa “*Excavaciones y Obras Candal, S.L.*” adxudicataria da obra “Renovación da rede de abastecemento en Corgo, Outeiro e Bandebó, parroquia de Brexo Lema. Supervisado”, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2020 da Deputación Provincial da Coruña” Expediente: 2020/C003/000002

Cuarto: Notificar este acordo á empresa “*Excavaciones y Obras Candal, S.L.*” e a Don Francisco Jesús Cobas Fernández, coordinador da seguridade e saúde da obra, designado pola entidade Gallega de Coordinacións, S.L, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnaldo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que se poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que se estime procedente.

Cuarto: Notifíquese a enxeñeira técnica de obras públicas, para a súa constancia e para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

C) Proposta de aprobación do Plan de xestión Preventiva , presentado pola empresa Jardinería Arce, S.L. adxudicataria do contrato para a prestación do “Servizo de acondicionamento do contorno do río Mero, ao seu paso polo termo municipal de Cambre, en virtude de convenio de colaboración entre o Concello de Cambre e Augas de Galicia, anualidades 2021 a 2023”. Expte: 2021/C004/000008

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, de data 3 de setembro de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto o expediente de contratación incoado co número 2021/C004/000008 para a contratación do “Servizo de acondicionamento do contorno do río Mero, ao seu paso polo termo municipal de Cambre, en virtude de convenio de colaboración entre o Concello de Cambre e Augas de Galicia, anualidades 2021 a 2023”, que foi adxudicado a prol do licitador “Jardinería Arce, S.L.” mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 06 de xullo de 2021 asinándose o correspondente contrato con data do 28 de xullo de 2021.

Visto o plan de xestión preventiva presentado por Don José Ramón López, da empresa Jardinería Arce, S.L. con data 27/09/2021, con rexistro de entrada no Concello de Cambre número 202199900004451.

Visto o informe favorable emitido con data do 30 de agosto de 2021 pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal.

Tendo en conta as atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, así como a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Aprobar o Plan de xestión Preventiva , presentado pola empresa Jardinería Arce, S.L. adxudicataria do contrato para a prestación do “Servizo de acondicionamento do contorno do río Mero, ao seu paso polo termo municipal de Cambre, en virtude de convenio de colaboración entre o Concello de Cambre e Augas de Galicia, anualidades 2021 a 2023”. Expte: 2021/C004/000008

Segundo: Notificar este acordo á empresa “Jardinería Arce, S.L., facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que se poida exercer, de ser o caso, calquera outro recurso que se estime procedente.

Terceiro: Notifíquese á enxeñeira técnica de obras públicas, para a súa constancia e para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

D) Proposta de aprobación do Plan de Seguridade e Saúde, Plan de Xestión de Residuos e Plan Traballo presentados pola empresa Canarga,S.L. adxudicataria da obra “Acondicionamento dos camiños municipais de San Lourenzo cara ao Pinar e cara á Torre e Barreiros”, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2020 da Deputación Provincial da Coruña” Expediente: 2020/C003/000003

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, de data 3 de setembro de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto o expediente de contratación incoado co número 2020/C003/00003 para a contratación da obra “Acondicionamento dos camiños municipais de San Lourenzo cara ao Pinar e cara á Torre e Barreiros”, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2020 da Deputación Provincial da Coruña” Expediente: 2020/C003/000003.

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 06 de xullo de 2021 polo que se adxudicou a obra á empresa “Canarga,S.L.” asinándose o correspondente contrato con data 20 de xullo de 2021.

Visto que o servizo de coordinación de seguridade e saúde de dita obra corresponde á entidade Gallega de Coordinacións, S.L. adxudicataria do expediente “Coordinación de seguridade e saúde de diversas obras públicas no Concello de Cambre” segundo establece o acordo da Xunta de Goberno Local de 06/06/2021 (exp. 2020/C004/000022).

Visto o plan de seguridade e saúde elaborado pola empresa adxudicataria e presentado por Don Francisco Jesús Cobas Fernández, coordinador da seguridade e saúde da obra, designado pola entidade Gallega de Coordinacións, S.L ao que achega o seu informe favorable, rexistro de entrada no Concello de Cambre o día 09 de agosto de 2021 e número 202199900004190.

Visto o Plan de Xestión de Residuos elaborado pola empresa adxudicataria, con rexistro de entrada no Concello de Cambre o día 10 de agosto de 2021 e número 202199900004209.

Visto o Plan de Traballo elaborado pola empresa adxudicataria, con rexistro de entrada no Concello de Cambre o día 10 de agosto de 2021 e número 202199900004209.

Visto os informes favorables emitidos con data de 01 e 03 de setembro de 2021 pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal, directora de obra e responsable do contrato.

Á vista do establecido para o efecto no artigo 7 do Real Decreto 1627/1997 do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción e do establecido na cláusula 18.2 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reguladoras do actual contrato.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Aprobar o plan de seguridade e saúde presentado pola empresa “*Canarga, S.L.*” adxudicataria da obra “Acondicionamento dos camiños municipais de San Lourenzo cara ao Pinar e cara á Torre e Barreiros”, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2020 da Deputación Provincial da Coruña” Expediente: 2020/C003/000003

Segundo: Aprobar o plan de xestión de residuos presentado pola empresa “*Canarga, S.L.*” adxudicataria da obra “Acondicionamento dos camiños municipais de San Lourenzo cara ao Pinar e cara á Torre e Barreiros”, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2020 da Deputación Provincial da Coruña” Expediente: 2020/C003/000003

Terceiro: Aprobar o plan de traballo presentado pola empresa “*Excavaciones y Obras Candal, S.L.*” adxudicataria da obra “Acondicionamento dos camiños municipais de San Lourenzo cara ao Pinar e cara á Torre e Barreiros”, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2020 da Deputación Provincial da Coruña”, Expediente: 2020/C003/000003

Cuarto: Notificar este acordo á empresa “*Canarga, S.L.*” e a Don Francisco Jesús Cobas Fernández, coordinador da seguridade e saúde da obra, designado pola entidade Gallega de Coordinacións, S.L, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que se poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que se estime procedente.

Cuarto: Notifíquese a enxeñeira técnica de obras públicas, para a súa constancia e para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E) Proposta de adxudicación da obra “Mellora dos parques infantís de Andeiro e Anceis. Supervisado”, obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) POS+ Adicional 2/2020 para gastos correntes e inversións financeiramente sostibles da Deputación Provincial da Coruña, a prol do licitador “Construcciones La Carrasca, S.L.”, no prezo ofertado de 45.900,00 euros sen IVE (55.539,00 euros IVE incluído). Expte: 2020/C003/000007

Vista a proposta da Alcaldía, de data 6 de setembro de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto o expediente de contratación incoado co nº 2020/C003/000007 para a adxudicación, por procedemento aberto simplificado mediante aplicación de fórmulas, da obra “Mellora dos parques infantís de Andeiro e Anceis. Supervisado”, obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) POS+ Adicional 2/2020 para gastos correntes e inversións financeiramente sostibles da Deputación Provincial da Coruña, cun orzamento base de licitación de 61.766,19 euros IVE incluído.

Vista a valoración dos criterios contemplados na cláusula 15.3 e no Anexo IV do prego de cláusulas administrativas particulares que constan na Acta da Mesa de Contratación de data 24 marzo y 14 abril de 2021 respecto das ofertas presentadas no presente procedemento, así como a proposta de adxudicación formulada pola Mesa de Contratación designada para o presente expediente con data do 10 de xuño de 2021, a prol do licitador “Construcciones La Carrasca, S.L.” no prezo ofertado 45.900,00 euros sen IVE (55.539,00 euros IVE incluído), por ser a entidade que obtén unha maior puntuación en aplicación dos criterios de adxudicación que constan na cláusula 15.3 e Anexo IV do prego de cláusulas administrativas particulares, sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

Visto que, outorgado ao licitador proposto como adxudicatario o prazo de sete días hábiles, para que presentase a documentación contemplada na cláusula 16 do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares, isto de conformidade co establecido no artigo 159.4 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consejo 2014/23 UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014, este achegou en prazo toda a documentación requirida, acreditando a súa solvencia económica e técnica, así como a suficiencia de medios para a execución do contrato, segundo informe da enxeñeira técnica de Obras públicas municipal de data 27 de agosto de 2021.

Visto o informe emitido pola secretaria accidental, de data 3 de setembro de 2021, que contén a proposta de acordos a adoptar, e mailo informe de fiscalización número 335/2021 emitido polo interventor municipal con data do 4 de setembro de 2021.

Á vista do establecido na cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen no presente expediente, e de conformidade co disposto nos artigos 150 e 159 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público,

Por todo o exposto, en uso das atribucións que me confire o art. 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: De conformidade cos acordos adoptados pola Mesas de Contratación con datas do 24 de marzo e 14 de abril de 2021, declarar válida a licitación, admitindo nela as ofertas presentadas polas seguintes empresas, por ter presentado os sobres ou arquivos electrónicos coas condicións e requisitos establecidos na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do presente expediente:

- GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS, S.L.
- INSTALACIONES BAHÍA PARK, S.L.
- INSTALACIONES DEPORTIVAS GALLEGAS, S.L.
- JARDINERÍA ARCE, S.L.
- OZIONA SOLUCIONES DE ENTRETENIMIENTO, S.L.
- SERGONSA SERVICIOS, S.L.
- TALUD VERDE, S.L.
- CODEREP SPORTS, S.L.U.”
- CONSTRUCCIONES LA CARRASCA, S.L.”
- GROMA OBRAS, S.L.”
- JARDINCELAS, S.L.”
- ROIBAS VÁZQUEZ, S.L.
- ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L.

Segundo: Aprobar, segundo acordo da Mesa de Contratación do 14 de abril de 2021, a seguinte valoración das proposicións presentadas, coa puntuación correspondente ás ofertas económicas e demais criterios avaliáveis mediante fórmulas, así como o límite das ofertas incursas en presunción de resultar anormalmente baixas, que unha vez efectuado o cálculo queda establecido en 54.081,22 euros IVA incluído:

Táboa de resultados: Valoración Técnica e da Redución de Prazos, Valoración Económica e Valoración Total [Exportar](#)

Contrato/concurso: Mejora de los parques infantiles de Andeiro y Anceis
 Prezo de licitación: 61766,19 €
 Limite oferta temeraria: 54.081,22 €

Nº	Nome Empresa	Oferta Económica	Baixa (%)	Puntuación Val. Técnica	Puntuación Val. económica	Temeraria	Total
1	CODEREP SPORTS S.L.U.	57068,46	7,61	0,00	44,39	Non	44,39
2	CONSTRUCCIONES LA CARRASCA S.L	55539	10,06	0,00	58,80	Non	58,80
3	GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS, S.L.	57789,60	6,44	0,00	37,57	Non	37,57
4	GROMA OBRAS, S.L.	56281,36	8,86	0,00	51,80	Non	51,80
5	INSTALACIONES BAHIA PARK S.L.	59296,05	4,00	0,00	23,33	Non	23,33
6	INSTALACIONES DEPORTIVAS GALLEGAS, S.L.	55589,40	10,00	0,00	58,33	Non	58,33
7	JARDINCELAS, S.L.	49151,71	20,42	0,00	107,82	SI	107,82
8	JARDINERIA ARCE S.L.	48486,46	21,50	0,00	111,88	SI	111,88
9	OZIONA SOLUCIONES DE ENTRETENIMIENTO S.L	56870	7,93	0,00	46,26	Non	46,26
10	ROIBAS VAZQUEZ, S.L.	58004,63	6,09	0,00	35,53	Non	35,53
11	SERGONSA SERVICIOS, S.L.	57115,63	7,63	0,00	43,93	Non	43,93
12	TALUD VERDE SL	53603	13,22	0,00	77,12	SI	77,12
13	ZONA DE OBRA O ROSAL SL	50030,62	19,00	0,00	102,50	SI	102,50

Terceiro: Aprobar, de conformidade cos apartados anteriores do presente acordo, a seguinte orde decrecente de clasificación obtida polas empresas licitadoras, en función das ofertas presentadas, e tendo en conta os criterios de adjudicación que constan na cláusula 15.3 e Anexo IV do prego de cláusulas administrativas particulares (oferta económica e incremento prazo de garantía):



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Nº de orden	NOMBRE DE LA EMPRESA	Puntuación total	Oferta anormalmente baja
1º	JARDINERÍA ARCE S.L.	111,88	Sí
2º	JARDINCELAS, S.L.	107,82	Sí
3º	ZONA DE OBRA O ROSAL SL	102,50	Sí
4º	TALUD VERDE SL	77,12	Sí
5º	CONSTRUCCIONES LA CARRASCA S.L	58,80	No
6º	INSTALACIONES DEPORTIVAS GALLEGAS, S.L.	58,33	No
7º	GROMA OBRAS, S.L.	51,80	No
8º	OZIONA SOLUCIONES DE ENTRETENIMIENTO S.L	46,26	No
9º	CODEREP SPORTS S.L.U.	44,39	No
10º	SERGONSA SERVICIOS, S.L.	43,93	No
11º	GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS, S.L.	37,57	No
12º	ROIBAS VAZQUEZ, S.L.	35,53	No
13º	INSTALACIONES BAHIA PARK S.L.	23,33	No

Cuarto: De conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación con data 10 de xuño de 2021, adoptado en base ao informe emitido polo enxeñeiro de Camiños, canles e portos-xefe da sección de Servizos con data 2 de xuño de 2021, e segundo consta no informe técnico, excluír da clasificación as ofertas presentadas polas empresas que a continuación se relacionan, toda vez que non xustificaron a súa oferta inicialmente incurso en presunción de resultar anormalmente baixa, isto de conformidade co establecido no artigo 149.6 da LCSP e cláusula 15.4.4 do PCAP:

- JARDINCELAS SL
- JARDINERÍA ARCE SL
- TALUD VERDE SL
- ZONA DE OBRA O ROSAL SL

Quinto: De conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación con data 10 de xuño de 2021, adjudicar a obra "Mellora dos parques infantís de Andeiro e Anceis. Supervisado", obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) POS+ Adicional 2/2020 para gastos correntes e inversións financeiramente sostibles da Deputación Provincial da Coruña, a prol do licitador "Construcciones La Carrasca, SL." con NIF B032***** e domicilio en rúa UTE Cervera 116 - 03680 Aspe (Alacante), no prezo ofertado de 45.900,00 euros sen IVE (55.539,00 euros IVE incluído), por ser a entidade que obtén unha maior puntuación en aplicación dos criterios de adjudicación que constan na cláusula 15 e Anexo IV do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares, non estar incurso en presunción de ser anormalmente baixa, e ter presentado a documentación requirida na cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares e artigo 159.4 da Lei 9/2017 de contratos do sector público.

Sexto: Proceder á formalización do contrato en documento administrativo non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel no que se reciba a notificación da adjudicación, de conformidade co sinalado na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do expediente contractual, procedendo seguidamente á publicación da formalización do contrato, xunto co correspondente contrato, no Perfil de Contratante do Concello de Cambre- Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado, isto de conformidade co disposto no artigo 154 da Lei dos contratos do sector público.

Sétimo: Desígnase como directora da obra á enxeñeira técnica de Obras Públicas municipal, dona Elena Bartolomé Delanoë, quen exercerá así mesmo as facultades de responsable do contrato, de conformidade co establecido no artigo 62.2 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público, polo que lle corresponderá a labor de supervisar a execución do contrato, adoptar as decisións, e dictar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

A coordinación de seguridade e saúde da obra correspóndelle á entidade “Gallega de Coordinacións, S.L.” (GALCOOR) con NIF B-701*****, segundo o acordo adoptado pola XGL de data 6/07/2021, e coas condicións establecidas no contrato formalizado con data 14/07/2021.

Oitavo: Notificar os presentes acordos aos licitadores presentados e á entidade encargada da coordinación de seguridade e saúde, e publicar no prazo de quince días a adxudicación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, incluído na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (<https://contrataciondelestado.es>), de conformidade co establecido no artigo 151.1 da Lei de Contratos do Sector Público e cláusula 16.4 do prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras do expediente de contratación, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Noveno: Notifíquese á directora de obra-responsable do contrato, e máis á Intervención Municipal, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

F) Proposta de aprobación do Documento de Xestión Preventiva, Plan de Seguridade e Saúde e Plan de Xestión de Residuos presentados pola empresa Jardinería Arce, S.L. adxudicataria da obra “Acondicionamento de pista polideportiva exterior do CEIP Wenceslao Fernández Flórez”, obra financiada mediante Convenio de cooperación núm. 10/2021, de 11 de febreiro de 2021, entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Cambre, polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciamento do dito proxecto”. Expediente: 2021/C003/000001.

Vista a proposta da Alcaldía, de data 6 de setembro de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

!Visto o expediente de contratación incoado co número 2021/C003/000001 para a contratación da obra “Acondicionamento de pista polideportiva exterior do CEIP Wenceslao Fernández Flórez, obra financiada

mediante Convenio de cooperación núm. 10/2021, de 11 de febreiro de 2021, entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Cambre, polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciamento do dito proxecto" Expediente: 2021/C003/000001.

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 03 de agosto de 2021 polo que se adxudicou a obra á empresa "Jardinería Arce, S.L."

Visto que o servizo de coordinación de seguridade e saúde de dita obra corresponde á entidade Gallega de Coordinacións, S.L. adxudicataria do expediente "Coordinación de seguridade e saúde de diversas obras públicas no Concello de Cambre" segundo establece o acordo da Xunta de Goberno Local de 06/06/2021 (exp. 2020/C004/000022).

Visto o Documento de Xestión Preventiva e o Plan de Seguridade e Saúde elaborado pola empresa adxudicataria e presentado por Don Antonio Vázquez Santos, coordinador da seguridade e saúde e director da execución da obra, designado pola entidade Gallega de Coordinacións, S.L. ao que achega o seu informe favorable, rexistro de entrada no Concello de Cambre o día 03 de setembro de 2021 e número 202199900004542.

Visto o Plan de Xestión de Residuos elaborado pola empresa adxudicataria, rexistro de entrada no Concello de Cambre o día 03 de setembro de 2021 e número 202199900004542.

Visto os informes favorables emitidos con data 06 de setembro de 2021 pola arquitecta técnica municipal.

Á vista do establecido para o efecto no artigo 7 do Real Decreto 1627/1997 do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción e do establecido na cláusula 18.2 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reguladoras do actual contrato.

En uso das atribucións que me confiere o artigo 21 da [Ley 7/1985, de 2 de abril, Lei Reguladora de Bases de Réxime Local, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:](#)

Primeiro: Aprobar o Documento de Xestión Preventiva e o Plan de Seguridade e Saúde presentado pola empresa "Jardinería Arce, S.L." adxudicataria da obra "Acondicionamento de pista polideportiva exterior do CEIP Wenceslao Fernández Flórez", obra financiada mediante Convenio de cooperación núm. 10/2021, de 11 de febreiro de 2021, entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Cambre, polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciamento do dito proxecto".Expediente: 2021/C003/000001.

Segundo: Aprobar o Plan de Xestión de Residuos presentado pola empresa "Jardinería Arce, S.L." adxudicataria da obra "Acondicionamento de pista polideportiva exterior do CEIP Wenceslao Fernández Flórez", obra financiada mediante Convenio de cooperación núm. 10/2021, de 11 de febreiro de 2021, entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Cambre, polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciamento do dito proxecto".Expediente: 2021/C003/000001.

Terceiro: Notificar este acordo á empresa "Jardinería Arce, S.L." e a Don Antonio Vázquez Santos, coordinador da seguridade e saúde da obra, designado pola entidade Gallega de Coordinacións, S.L, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112

e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnaló directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que se poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que se estime procedente.

Cuarto: Notifíquese á Arquitecta Técnica Municipal, para a súa constancia e para os efectos oportunos."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

G) Proposta de adxudicación da obra de "Ampliación da rede de abastecemento e saneamento en Graduil e A Pena", obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2020, a prol do licitador "Jardinería Arce, S.L.", no prezo ofertado de 58.280,15 euros sen IVE (70.518,99 euros IVE incluído). Expediente núm.: 2020/C003/000004

Vista a proposta da Alcaldía, de data 6 de setembro de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

"Visto o expediente de contratación incoado co núm. 2020/C003/000004 para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, mediante a aplicación de fórmulas (cun único criterio de valoración: oferta económica), correspondente á obra "Ampliación da rede de abastecemento e saneamento en Graduil e A Pena" obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2020 da Deputación Provincial da Coruña, cun orzamento base de licitación de 96.999,99 euros IVE incluído.

Vista a valoración do único criterio contemplado na cláusula 15.1 e no Anexo IV do prego de cláusulas administrativas particulares que consta na acta da Mesa de Contratación de data 2 de xuño de 2021, respecto das ofertas presentadas no presente procedemento, así como a proposta de adxudicación formulada pola Mesa de Contratación designada para o presente expediente, con data 4 de agosto de 2021, a prol do licitador "Jardinería Arce, S.L.", no prezo ofertado de 58.280,15 euros sen IVE (70.518,99 euros IVE incluído), por ser a entidade que obtén a maior puntuación en aplicación do criterio de valoración que consta no Anexo IV do PCAP (oferta económica), toda vez que a empresa xustificou suficientemente a súa oferta inicialmente incurso en presunción de oferta anormalmente baixa, iso segundo o informe do enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal-xefe da Sección de Servizos, de data 29 de xullo de 2021, ratificado pola Mesa de Contratación con data 4 de agosto de 2021.

Visto que, outorgado ao licitador proposto como adxudicatario o prazo de sete días hábiles, para que presentase a documentación contemplada na cláusula 16 do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares, isto de conformidade co establecido no artigo 159.4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23 UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014, este achegou en prazo toda a documentación requirida,

acreditando a súa solvencia técnica, así como a suficiencia dos medios persoais e materiais requiridos para a execución do contrato, isto segundo consta no informe da enxeñeira técnica de Obras Públicas municipal, de data 1 de setembro de 2021.

Visto o informe emitido conxuntamente pola secretaria accidental e interventor municipal, de data 6 de setembro de 2021, que contén a proposta de acordo a adoptar.

Á vista do establecido na cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen no presente expediente, e de conformidade co disposto nos artigos 150 e 159 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público, en uso das atribucións que me confire o artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: De conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación con data 2 de xuño de 2021, declarar válida a licitación, admitindo nela as ofertas presentadas polas seguintes empresas, por cumprir coas condicións e requisitos establecidos nas cláusulas 11.1, 12 e 13 do Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) e ter achegado a declaración responsable segundo o modelo do Anexo II do dito prego:

- Barnacle Obras y Servicios, S.L.
- BCNOR Gestión y Soluciones Avanzadas, S.L.
- Canarga, S.L.
- Construcciones D.Ogando, S.L.
- Construcciones Pan y Díaz, S.L.
- Desmaco, S.L.U.
- Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A.
- Excavaciones y Obras Marcos, S.L.
- Gestal y López, S.L.
- Jardinería Arce, S.L.
- López y Leis, S.A.
- Obras y Saneamientos Galicia, S.L.
- Obras y Servicios Índigo, S.L.

Segundo: Aprobar, segundo acordo da Mesa de Contratación do 2 de xuño de 2021, a valoración e clasificación por orde decrecente das ofertas presentadas polos licitadores, tal e como consta a continuación, isto de conformidade co establecido no artigo 159.4 da LCSP e en aplicación do único criterio de adjudicación establecido no Anexo IV (oferta económica), así como a determinación das ofertas con presunción de ser anormalmente baixas, cuxo límite queda establecido en 91.256,31 euros IVE incluído (por debaixo do 1% da media aritmética das presentadas, con novo cálculo medio excluindo as ofertas superiores á media en máis dun 6,67%):

OFERTAS

EMPRESA	PREZO		
	Sen IVE	IVE	TOTAL
Barnacle Obras y Servicios, S.L.	79.876,69 €	16.774,10 €	96.650,79 €
Bcnor Gestión y Soluciones Avanzadas S.L.	78.033,50 €	16.387,04 €	94.420,54 €
Canarga, S.L.	79.362,81 €	16.666,19 €	96.029,00 €
Construcciones D. Ogando, S.L.	76.776,04 €	16.122,97 €	92.899,01 €



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Construcciones Pan y Díaz, S.L.	79.295,00 €	16.651,95 €	95.946,95 €
Desmaco, S.L.U.	80.165,28 €	16.834,71 €	96.999,99 €
Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A.	72.140,74 €	15.149,56 €	87.290,30 €
Excavaciones y Obras Marcos, S.L.	72.052,55 €	15.131,04 €	87.183,59 €
Gestal y López, S.L.	80.165,28 €	16.834,71 €	96.999,99 €
Jardinería Arce, S.L.	58.280,15 €	12.238,84 €	70.518,99 €
López y Leis, S.A.	80.000,00 €	16.800,00 €	96.800,00 €
Obras y Saneamientos Galicia, S.L.	80.045,03 €	16.809,46 €	96.854,49 €
Obras y Servicios Indigo, S.L.	74.150,06 €	15.571,51 €	89.721,57 €

CLASIFICACIÓN

Nº de orde	EMPRESA	Puntuación total	Oferta anormalmente baixa
1º	Jardinería Arce, S.L.	125,00	Si
2º	Excavaciones y Obras Marcos, S.L.	59,03	Si
3º	Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A.	58,39	Si
4º	Obras y Servicios Indigo, S.L.	43,75	Sí
5º	Construcciones D. Ogando, S.L.	24,68	No
6º	Bcnor Gestión y Soluciones Avanzadas S.L.	15,52	No
7º	Construcciones Pan y Díaz, S.L.	6,36	No
8º	Canarga, S.L.	5,83	No
9º	Barnacle Obras y Servicios, S.L.	2,10	No
10º	López y Leis, S.A.	1,23	No
11º	Obras y Saneamientos Galicia, S.L.	0,88	No
12º	Desmaco, S.L.U.	0,00	No
13º	Gestal y López, S.L.	0,00	No

Terceiro: De conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación o 4 de agosto de 2021 á vista do informe emitido polo enxeñeiro de camiños municipal-xefe da Sección de Servizos, de data 29 de xullo de 2021, excluír da clasificación as ofertas presentadas polas empresas **“Excavaciones y Obras Marcos, S.L.”**, **“Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A.”** y **“Obras y Servicios Índigo, S.L.”**, toda vez que non xustificaron debidamente as súas ofertas inicialmente incursas en presunción de resultar anormalmente baixas, isto de conformidade co establecido no artigo 149.6 da LCSP e cláusula 15.4.4 do PCAP.

Cuarto: De conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación o 4 de agosto de 2021, adjudicar a obra de **“Ampliación da rede de abastecemento e saneamento en Graduil e A Pena”**, obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2020 da Deputación Provincial da Coruña, a prol do licitador **“Jardinería Arce, S.L.”**, con NIF B15xxxx79, no prezo ofertado de 58.280,15 euros sen IVE (70.518,99 euros IVE incluído), por ser a entidade que obtén a maior puntuación en aplicación do único criterio de valoración que consta no Anexo IV do PCAP (oferta económica), isto unha vez xustificada suficientemente a súa oferta inicialmente incursa en presunción de resultar anormalmente baixa, segundo o informe do enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal-xefe da Sección de Servizos, de data 29 de xullo de 2021, e tendo presentado no prazo de 7 días hábiles a documentación requirida na cláusula 16 do PCAP e artigo 159.4 da LCSP.

Quinto: Formalizar o contrato en documento administrativo non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel no que se reciba a notificación da adjudicación, de conformidade co sinalado na cláusula 17 do prego de

cláusulas administrativas particulares regulador do expediente contractual, procedendo seguidamente á publicación da formalización do contrato, xunto co correspondente contrato, no Perfil de Contratante do Concello de Cambre-Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado, isto de conformidade co disposto no artigo 154 da Lei dos contratos do sector público.

Sexto: Designar como directora de obra e responsable do contrato á enxeñeira técnica de obras públicas municipal, dona Elena Bartolomé Delanoë á cal, de conformidade co establecido no art. 62 da LCSP, corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias con fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

O control de calidade exercerase pola entidade “3C Calidade de Control Sociedade Cooperativa Galega”, adxudicataria do expediente de contratación núm. 2020/C004/000021 para o “Servizo de control de calidade das obras promovidas polo Concello de Cambre (2021-2022)”.

A coordinación da seguridade e saúde da obra exercerase pola entidade “Gallega de Coordinacións, S.L.” adxudicataria do expediente núm. 2020/C004/000022, para o “Servizo de coordinación de seguridade e saúde das obras promovidas polo Concello de Cambre (2021-2022)”.

Sétimo: Notificar o presente acordo aos licitadores presentados, e publicar no prazo de quince días a adxudicación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, incluído na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (<https://contrataciondelestado.es>), de conformidade co establecido no artigo 151.1 da LCSP e cláusula 16.4 do PCAP reguladoras do expediente de contratación, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Oitavo: Notifíquese ao director de obra-responsable do contrato que se designe polo órgano de contratación, á entidade “3C Calidade y Control Sociedad Cooperativa Galega”, á entidade “Gallega de Coordinacións, S.L.”, á responsable de Contratación e ao departamento de Intervención municipal, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

H) Proposta de adxudicación do contrato menor correspondente ao servizo do deseño, desenvolvemento e implementación dunha plataforma para a xestión de programas e campañas de dinamización da ADL á licitadora WAPPING NETWORKS, S.L. no prezo ofertado de 14.837,00 € sen IVE, 17.952,77 € IVE incluído. Expediente núm. 2021/C002/000086

Vista a proposta da Alcaldía, de data 6 de setembro de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data 1 de xuño de 2021 emitíuse proposta - informe de necesidade de contratación, asinado polo técnico en promoción económica da Axencia de Desenvolvemento Local municipal, o concelleiro delegado da Área de Desenvolvemento Socioeconómico e pola concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, para a contratación do deseño, desenvolvemento e implantación dunha plataforma para a xestión dos programas de dinamización e fomento da actividade económica que dende o Concello se poñan en marcha para apoiar os diferentes sectores municipais mediante premios ou recompensas, troco de bonos, concursos, etc., cun importe de 14.999,99 € sen IVE e de 18.149,99 € IVE incluído.

Motivouse a necesidade desta contratación en que no Plan estratéxico de subvencións 2020 - 2023 do concello de Cambre inclúese o programa “Disfruta Cambre”, co obxectivo estratéxico de apoiar a hostalería, como sector prexudicado polas consecuencias da crise sanitaria ocasionada polo Covid - 19, fomentando o consumo nos bares e restaurantes locais e a xeración de sinerxías cos mesmos. Entre os obxectivos deste Programa están os de dar a coñecer a hostalería cambresa, facer participes ós veciños e veciñas deste programa e reactivar o consumo nun dos sectores máis minguados pola crise. O plan de actuación para a súa execución articulase mediante as correspondentes bases de convocatoria pública de subvencións, contando cun prazo anual e un orzamento de 70.000,00 €. Desenvolvendo a previsión anterior, o Pleno municipal, na súa sesión ordinaria do día 29 de abril de 2021, aprobou inicialmente as Bases de desenvolvemento e condicións da participación no plan de promoción da hostalería local “Disfruta Cambre” e os seus anexos e convocatoria, quedando estas definitivamente aprobadas con data 29 de xuño de 2021 (BOP nº 120). Coa finalidade de axilizar a xestión deste programa, incorporando as novas tecnoloxías ao mesmo, o que representa igualmente unha aposta cara á chamada ao público máis novo nas actuacións desenvolvidas dende o Concello, contemplouse nas bases a existencia dunha aplicación (app) na que rexistrarse participar no “Disfruta Cambre”. A antedita aplicación servirá de igual forma como ferramenta para que os hostaleiros teñan á súa disposición a información necesaria e poidan consultar o histórico dos consumos, os Cambrecoins xa trocados, o saldo dispoñible e os demais detalles de cada operación. Esta mesma información estará dispoñible para o Concello para a xestión do programa. Polo tanto, é a necesidade de dispor dunha plataforma de xestión para o “Disfruta Cambre” o que motiva esta contratación. Ademais, esta ferramenta permitirá a xestión doutras campañas, como pode ser o “Rasca e gaña”, estando chamada a converterse nun instrumento activo de comunicación do Concello cos diferentes sectores produtivos. Esta contratación considéranse necesaria polo tanto para dispoñer dunha plataforma coa que xestionar diferentes programas de dinamización e fomento da área de desenvolvemento socioeconómico (Plan Disfruta Cambre, campaña do Rasca e Gaña, etc.), non soamente desde a óptica dos establecementos destinatarios dos mesmos, senón tamén desde a óptica dos consumidores/as, contribuíndo a acercar ás tecnoloxías da información e das comunicacións a dous sectores como son o hostaleiro e o comercial de grande peso no noso Concello. Por medio desta contratación se facilitará tamén a difusión e publicidade dos programas, dando a coñecer as iniciativas que subvenciona e coas que colabora o concello de Cambre, contribuíndo a publicitalas non soamente entre os veciños e a clientela cotiá dos establecementos e comercios locais, senón tamén entre o abundante público que fai de Cambre e os seus diferentes núcleos un lugar para o seu ocio e consumo.

Achégase ao informe - proposta a memoria valorada para a contratación do deseño, desenvolvemento e implementación dunha plataforma para a xestión de programas e campañas de dinamización da área de desenvolvemento socioeconómico de data 1 de xuño de 2021 elaborada polo técnico en promoción económica co visto e prace da responsable da Axencia de Desenvolvemento Local.

Coa citada contratación dáse cumprimento ao desenvolvemento das competencias que dende o ano 2003 veñen exercéndose en materia de promoción e dinamización da actividade económica local mediante a realización de actuacións e campañas específicas para dinamizar o comercio, a hostalería e os servizos locais, nas que se

teñen acometido programas e actuacións variadas, toda vez que a planificación, xestión e execución destas campañas levouse a cabo dende os eu comezo a través da Axencia de Desenvolvemento Local, departamento encargado da promoción económica e empresarial do Concello e tendo en conta que, segundo o establecido no artigo 25.1. da Lei 7/1985, del 2 de abril, Reguladora de bases de réxime local, os concellos poden promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. Por outra banda, e segundo o disposto no artigo 3.3.a) da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, non se entenderá como exercicio de novas competencias a continuidade da prestación de servizos xa establecidos, comezando o concello de Cambre o desenvolvemento de actuacións de dinamización e de fomento da actividade económica local no ano 2003, tendo realizado iniciativas coa hostalería e o comercio local como son os concursos de tapas, de escaparates ou mesmo o programa arte na rúa ou a campaña do “Rasca e gaña” con anterioridade. Finalmente, coa presente contratación dáse un paso mais en materia de promoción no termo municipal da participación dos cidadáns no uso eficiente e sostible das tecnoloxías da información e das comunicacións, contemplada no artigo 25.2. ñ) da Lei 7/85 do 2 de abril reguladora das bases do réxime local.

Con data 9 de xuño de 2021 emítese documento de retención de crédito polo interventor municipal para a plataforma de dinamización da ADL por importe de 18.149,99 € con cargo á aplicación orzamentaria 2021 433 22699 “Outros gastos diversos promoción actividade económica” con nº de operación 17/2021 – 220210005637 e referencia 22021002431, sendo o órgano competente para a autorización e aprobación do gasto e para a adxudicación a Xunta de Goberno Local.

Con data 22 de xullo de 2021 emítese informe polo técnico en promoción económica da Axencia de Desenvolvemento Local municipal, coa conformidade da coordinadora da área Axencia de Desenvolvemento Local, no que consta que foron invitadas as seguintes empresa, que presentaron as seguintes ofertas:

Empresa	Oferta sen IVE	Oferta IVE incluído
Wapping Networks, S.L.	14.837,00 €	17.952,77 €
Mip Configuraciones Informáticas, S.L.	14.900,00 €	18.029,00 €
Proconsi, S.L.	14.900,00 €	18.029,00 €
Implicatum Consultoría S.L.	14.999,99 €	18.149,99 €

Formulase proposta de adxudicación á empresa **Wapping Networks, S.L.**, con CIF B-70463195 e enderezo na rúa José Pascual López Cortón, nº 2, 12 A de A Coruña, no **prezo ofertado de 14.837,00 € sen IVE, 17.952,77 € IVE incluído**, por ser a empresa que fixo a mellor oferta no seu conxunto atendendo aos criterios de valoración prezo ofertado, a redución do prazo de posta a disposición da plataforma e a calidade técnica da proposta.

Os artigos 118.1 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establecen que se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal, e que poderán adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

Visto o informe emitido pola Secretaria Accidental de data 3 de setembro de 2021 e mailo informe de fiscalización nº 337/2021 emitido polo interventor da Corporación con data do 5 de setembro de 2021.

Visto o informe emitido pola tesoureira municipal con data de 6 de setembro de 2021 do que se deriva que a entidade "Wapping Networks, S.L.", CIF.- B704****5, non ten obrigas pendentes de pago co Concello de Cambre nin a data de presentación da súa oferta (18/06/2021) nin a data da firma de este informe.

Visto canto antecede, por parte desta Alcaldía considérase comprobado o cumprimento da regra contida no artigo 118.2 da LCSP, respecto da necesidade do contrato para o exercicio das competencias do Concello en materia de promoción e dinamización da actividades económica local e en materia de promoción no seu termo municipal da participación dos cidadáns no uso eficiente e sostible das tecnoloxías da información e das comunicacións, contemplada no artigo 25.2.ñ) da Lei 7/85 do 2 de abril reguladora das bases do réxime local, así como que no presente suposto non se está alterando o obxecto do contrato co fin de evitar a aplicación dos umbrais descritos no artigo 118.1 da LCSP.

En uso das atribucións que me confire o artigo 21.1.s) da Lei 9/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes ACORDOS:

Primeiro: Aprobar a memoria valorada elaborada con data de 1 de xuño de 2021 polo técnico en promoción económico co visto e prace da responsable da Axencia de Desenvolvemento Local, para a contratación do deseño, desenvolvemento e implementación dunha plataforma para a xestión de programas e campañas de dinamización da ADL, cun orzamento de 14.999,99 € sen IVE, 18.149,99 € IVE incluído, así como a necesidade da contratación.

Segundo: Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 2021 433 22699 "Outros gastos diversos promoción actividade económica.

Terceiro: Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2021/C002/000086 do servizo de deseño, desenvolvemento e implementación dunha plataforma para a xestión de programas e campañas de dinamización da ADL, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Cuarto: Adxudicar a contratación á empresa **Wapping Networks, S.L.**, con CIF B-70463195 e enderezo na rúa José Pascual López Cortón, nº 2, 12 A de A Coruña, no **prezo ofertado de 14.837,00 € sen IVE, 17.952,77 € IVE incluído**, por ser a empresa que fixo a mellor oferta no seu conxunto atendendo aos criterios de valoración prezo ofertado, a redución do prazo de posta a disposición da plataforma e a calidade técnica da proposta e cumprir con tódolos requisitos establecidos na memoria valorada elaborada para a prestación do servizo.

Quinto: De conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

Sexto: Designar como responsable do contrato ao técnico en promoción económica da Axencia de Desenvolvemento Local municipal don José Luis González Cardalda, a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Sétimo: Notifíquese ao técnico en promoción económica da Axencia de Desenvolvemento Local municipal don José Luis González Cardalda, responsable do contrato, así como ao departamento de Intervención, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

Oitavo: Notificar o presente acordo aos interesados, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, regula das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e dez minutos, do que eu, secretaria accidental, certifico.

O presidente
Óscar A. García Patiño

A secretaria accidental
Verónica María Otero López